

VIEIROS

Valdeorras

Edición xestionada por [Gustavo Docampo](#)

MEMORIA DE VALDEORRAS

Inaugurado no Barco o monumento ás vítimas do franquismo

Ese domingo ás 12:30 diante da Casa de Río Cigüeño, que fora centro de detención e tortura no anos da Guerra Civil, ficou inaugurada a escultura en lembranza das vítimas da ditadura franquista. A poeta Asunción Arias e os poetas Xosé Ferrer, Millán Picouto, Xabier Paz e Antón L. Dobao leron os seus versos en lembranza dos mártires diante do monumento, realizado en pedra polo escultor local Luis Fernández "Cochorro". Os familiares das vítimas, que ocupaban as primeiras filas, recibiron o afecto e o recoñecemento dos congregados.

- 22:09 04/05/2006

O acto foi presentado pola actriz Pilar Alonso e acadou o momento de maior intensidade cando Geluca, filla de Abdón Blanco García (alcalde do Barco e republicano de esquerdas), Augusto, fillo de Augusto Sierra Rodríguez (alcalde de Vilamartín e socialista), José Luis, fillo de Abdón Segundo García Núñez (galeguista) e Gerardo, fillo de Gerardo Rodríguez (concelleiro do Barco e comunista), retiraron as bandeiras galega e republicana que cubrían a dedicatoria do monumento, mentres os asistentes, postos en pé, ofrecíanlle un prolongado aplauso. Os organizadores quixeron salientar, escollendo a estas catro persoas, o respecto por todas as vítimas e por todas as correntes políticas que sufriron, naquela altura, a brutal represión desatada tralo alzamento militar de 1936.

Antes interviñeron o delegado provincial da Consellería de Cultura, Xosé Carlos Sierra, e o alcalde do Barco, Alfredo García, manifestando o apoio institucional a esta iniciativa e a recuperación da honra e da dignidade das vítimas. Estaban presentes, asemade, os alcaldes da Rúa e de Petín, José Vicente Solarat e Miguel Bautista.

As notas de "Els cants dels ocells", interpretadas por Xaquín Freixeiro, Afonso Mascuñana e Anxo Rei puxeron máis emoción no soleado mediodía de domingo e, finalmente, o himno galego deu paso a unha ofrenda floral de caraveis vermellos coa que concluíu a celebración e as xornadas da memoria que se viñeron celebrando, desde o pasado 20 de abril, cun notable éxito de público.